

CALLADITA

Miguel Faus, 2023

1293

ESTREA EN NUMAX: 17.05.2024 | V.O. | +16 | 92 min

Ana, recentemente chegada de Colombia, é empregada doméstica nunha luxosa mansión onde veranea unha adinerada familia de marchantes de arte. A moza traballa de sol a sol e sen contrato, baixo a promesa de conseguir condicións dignas ao final do verán, sempre e cando sexa discreta e caladiña. Pero a través de Gisela, a empregada da casa veciña, Ana descubrirá que as cousas non funcionan exactamente como lle contaran, e aprenderá a divertirse un pouco máis durante o seu verán na Costa Brava.

«Combina un ton distintivo e un sorprendente sentido visual cunha actuación fóra de serie de Paula Grimaldo»

Wendy Ide, SCREENDAILY



Entrevista con Miguel Faus: «En lugar de amosar como é o mundo, prefiro amosar como debería ser»

Por Marta Balaga

A forma na que rodaches o filme encaixa á perfección coa súa ambientación luxosa. A estética é increíble. Era moi importante que parecese un filme de verán. É entón cando todos estes contrastes e conflitos entre traballadoras domésticas e familias ricas se fan aínda máis visibles. Todas as traballadoras ás que entrevistei dixéronme que o verán é a época máis difícil. Traballas 24 horas ao día, 7 días á semana, e estas persoas están sempre na casa.

Por que decidiches entrevistar a todas estas traballadoras domésticas? Quería entender a súa perspectiva. Cando traballaba na miña curtametraxe *Calladita* [realizada en 2020], a miña intención era desenvolver unha sátira sobre este mundo. Posteriormente, dinme conta de que unha traballadora doméstica sería a protagonista perfecta. O feito de observalo todo a través dos seus ollos ofrécenos un punto de vista único. Quería entender a Ana o mellor posible.

Tamén lle ofreces algúns momentos de liberdade, que axudan a revelar a súa personalidade. Ana é moito máis que o seu traballo. Espero que todas as persoas sexamos máis que os nosos traballos! No caso de Ana, creo que hai dous niveis de liberdade no filme. Na primeira metade, cando a parella aínda está na casa, os momentos de liberdade son escasos. Queda coa súa amiga de vez en cando, pero sempre en secreto. Logo, cando os donos marchan, convértese toda a casa no seu espazo.

Algúns poderían dicir que a tratan ben, pero é aterrador ver como estas situacións poden saírse de control facilmente. Un dos aspectos que máis me interesaba ten que ver con todos os matices nas interaccións sociais. Ás veces nin sequera somos conscientes do perversas que son. A cortesía pode ocultar moitas cousas. Obviamente, hai un elemento transaccional na súa relación. Ela está aí para facer o seu traballo e facelo da forma máis discreta posible. Se fose por eles, probablemente non interactuarían coa empregada en ningún momento. Estas conversacións din algo de cada un destes personaxes. (...) O feito de ter unha asistente interna cando estás de vacacións... Hai algo violento nesta situación, independentemente do ben que a trates. Unha persoa está tomando o sol cun cóctel na man mentres outra está lavando a súa roupa. É incómodo. Tamén pode ser divertido, aínda que canto máis descubres sobre estes casos, máis te enfadas.

Hai outra capa no filme: o racismo. Os xefes de Ana trátana con certo desprezo, chamándoa “latina”. En español, esta palabra soa aínda peor. O racismo é un problema constante na nosa sociedade. Creo que arredor do 70% das traballadoras domésticas en España son estranxeiras, a maioría latinoamericanas. Cando falaba con elas, tamén comentamos ese aspecto. Experimentaron moitas caras do racismo. Habitualmente, as cousas son aínda máis preocupantes do que amoso no filme, con xefes que confiscan o seu pasaporte ou que nin sequera lles dan unha habitación propia. Dito isto, gústame cando o cinema ofrece algo de esperanza. En lugar de amosar como é o mundo, prefiro amosar como debería ser.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

As que limpan,
VV. AA.
Ministerio de Cultura, 2022

Pelea de gallos,
María Fernanda Ampuero.
Páginas de Espuma, 2018

*Manual para mujeres de
la limpieza,*
Lucia Berlin.
Alfaguara, 2016